

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XERENCIA DE SANTIAGO SÚMASE Á CAMPAÑA DA OMS SOBRE A CONCIENCIACIÓN DA IMPORTANCIA DA HIXIENE DE MANS NA PREVENCIÓN DAS INFECCIÓNIS

- O lema deste ano é “ *unha atención limpa para todos, está nas túas mans previr*”
- Nos centros da área compostelá realízanse hoxe múltiples actividades dirixidas tanto a profesionais como a doentes e cuidadores, nenos e adultos
- O director de asistencia sanitaria, Jorge Aboal, a xerente da XXIS, Eloína Núñez , a subdirectora de calidade, Beatriz Pais e a Xefa de Servizo de Medicina Preventiva, Teresa Queiro, e outros profesionais, visitaron a mesa informativa do Hospital Clínico

Santiago, 6 de maio 2019.- A Xerencia de Xestión Integrada de Santiago de Compostela celebra hoxe o “**Día Mundial da Hixiene de Mans**” (que se conmemorou onte 5 de maio) e que este ano tivo por lema “*unha atención limpa para todos, está nas túas mans previr*”.

E faino con múltiples actividades nos seus centros. Así, ao longo da mañá, instaláronse mesas informativas sobre o correcto procedemento para a hixiene de mans na entrada principal do Hospital Clínico, do Hospital de Conxo e no Hospital da Barbanza dirixida a informar a toda a poboación que se achegue ata estes centros hospitalarios. Nas unidades de enfermería e salas de espera das plantas de hospitalización tamén se levaron a cabo sesións informativas e de recordatorio dirixidas a profesionais.

Asemade, organizáronse actividades para aos máis cativos. Nas escolas Infantís para fillos de profesionais, situadas no Hospital Gil Casares e no Hospital da Barbanza realizáronse traballos manuais e lavados de mans, así como unha representación musical para ensinar aos máis pequenos. Na Aula de pediatría para nenos hospitalizados levouse a cabo un concurso de relatos e debuxos así como unha demostración do correcto lavado de mans.

O director de asistencia sanitaria da consellería de Sanidade, Jorge Aboal, a xerente de Xestión Integrada de Santiago, Eloína Núñez, a xefa do Servizo de Medicina Preventiva e Saúde Pública da xerencia, Teresa Queiro, a subdirectora de Calidade, Beatriz Pais, acompañadas polas supervisoras da Medicina Preventiva, Mónica Conde e de Calidade, Sandra Sixto, e por outras profesionais da enfermería, visitaron a mesa informativa situada ao longo da mañá no Hospital Clínico.

Gabinete de Comunicación e Imaxe da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago
Travesía da Choupana s/n - 15706 Santiago de Compostela
Teléfono: 981950023 / 981 950967

Correo-e: prensa.santiago@sergas.es

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nos centros de saúde da área compostelá realízanse actividades formativas e informativas ao longo do ano amais de ter unha dotación do 100% das camas de hospitalización e UCI de preparados de solucións alcohólicas para a correcta limpeza de mans. Tamén ten implantados programas nacionais e internacionais de control das bacterias multirresistentes.

Segundo recorda a OMS as principais medidas para previr a infección na sanidade, amais da limpeza correcta de mans (que reduce o 50% das infeccións) son un contorno e uns materiais limpos e funcionais, auga potable e servizos de saneamento, e os programas e equipos para a prevención e control das infeccións que as reducen un 30%.

Saúdos